

XVII Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística

Traballando en Lingua nas Redes Sociais

Presentación

A XVII edición do curso de verán centrarase en fomentar e analizar o uso da lingua a través das redes sociais e nas ferramentas para a transmitirmos desde diversos ámbitos derivados do binomio sociedade e tecnoloxías. Como todos os anos, esta edición tamén se alicerza no uso e na mellora do seu proceso de normalización, traballando os argumentos, as accións, a creatividade, a implicación, os métodos etc. máis adecuados para tal propósito.

As sesións constan de relatorios, comunicacións, mesas redondas e obradoiros para avaliarmos experiencias e propormos medidas e accións de intervención en actividades para implicaren distintas entidades e persoas. As intervencións teñen como nexos promoveren o uso da lingua nas redes sociais, para alén de sesións destinadas a repararen no suceso de produtos e empresas que só utilizan a lingua propia nos seus proxectos comunicativo-sociais.

Obxectivos

- Analizar e deseñar estratexias e accións para poren en valor e incrementaren o uso e a visibilización do galego nas redes sociais.
- Detectar e estudar problemas e preconceitos existentes arredor do uso da lingua galega nos ámbitos coas redes sociais etc.
- Valorizar o galego e a cultura propia como recurso de interese para actividades e proxectos emanados das redes sociais.
- Formular unha proposta de boas prácticas lingüísticas no ámbito das redes sociais.
- Coñecer e valorizar experiencias positivas de uso do galego na sociedade da información.

Lugar

Pazo da Cultura. Rúa do Pan, s/n. 15100 Carballo

Datas

Terza feira 16 e cuarta feira 17 de xullo de 2024

Persoas destinatarias

Persoas que traballan ou que están interesadas no proceso de normalización da lingua galega, nomeadamente técnicos/as de normalización lingüística, docentes, dinamizadoras/es socioculturais, estudantes, membros de asociacións, de empresas de dinamización social, lingüística ou cultural, técnicas/os de cultura, animadoras/es, intérpretes, tradutoras/es etc.

Custo de participación

O custo da matrícula inclúe a participación en todas as actividades do curso, o material que se utilizar, os cafés conxuntos e o xantar dos dous días.

Para estudantes de calquera universidade, comunidade universitaria da UDC e persoas desempregadas: 30 €

Para o resto de persoas: 50 €

Matrícula e participación

O número de participantes está limitado a 65 persoas, por orde de inscrición. A matrícula débese facer en liña ([preme aquí](#)).

O prazo remata o día 11 de xullo.

Organiza

Universidade da Coruña

- Servizo de Normalización Lingüística
- Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte

Dirección e Secretaría

- Xosé Manuel Sánchez Rei, profesor da Facultade de Filoloxía e membro do Grupo ILLA (Grupo de Investigación Lingüística e Literaria Galega)
- Marisol Ríos Noya, coordinadora do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña

Colaboran

- Concello de Carballo
- Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia

PROGRAMA

Terza feira, 16 de xullo	
09h00-10h00	Recepción e entrega de documentación
10h00-10h30	INAUGURACIÓN E BENVIDA <ul style="list-style-type: none"> - Valentín García Gómez, secretario xeral da Lingua - Ricardo Cao Abad, reitor da Universidade da Coruña (UDC) - Evencio Ferrero Rodríguez, alcalde de Carballo - Marisol Ríos Noya (SNL da UDC)
10h30-12h00	CONFERENCIA INAUGURAL «O impacto das novas tecnoloxías e a intelixencia artificial (IA) na nosa sociedade» Nieves Rodríguez Brisaboa, catedrática da Universidade da Coruña na Área de Linguaxes e Sistemas Informáticos
12h00-12h30	Café conxunto
12h30-13h30	RELATORIO «Vivir en galego» <ul style="list-style-type: none"> - Prado Rúa (María Rúa Rodríguez), creadora de contido audiovisual en galego
13h30-15h30	Xantar conxunto
15h30-17h00	OBRADOIRO «CRE(A)NDO: da emoción á acción» <ul style="list-style-type: none"> - Toxío e OCO Xeración de contido, equipos formados por Sergio Casal e Nuria P. Espasandín, emprendedoras, comunicadoras e creadoras de contido tanto para os proxectos propios como para terceiras - Laura Veiga, xornalista, divulgadora científica, sexóloga e creadora de contido
17h30-19h00	RELATORIO «O tiktok galego e as creadoras galegas» <ul style="list-style-type: none"> - Sara Seco, licenciada en Ciencia Política e da Administración na USC, xestora de Proxectos na Mesa Pola Normalización Lingüística e creadora de contidos dixitais
19h00-20h30	MESA REDONDA «A importancia da ética e o compromiso lingüístico na creación de contido en galego nas plataformas dixitais» Moderador: Carlos García Vieito, activista dixital. Especialista en marketing e comunicación dixital. Promotor do Twitter en galego e outras iniciativa a prol do galego <ul style="list-style-type: none"> - Fran da Lobeira - Sofía Naseiro, cineasta e comunicadora na bitácora e canle de Youtube Kinocube Cinema - Iria Veiga, psiquiatra e divulgadora científica

Cuarta feira, 17 de xullo	
09h30-10h30	RELATORIO – Esther Estévez, licenciada en Xornalismo pola USC e presentadora do programa da TVG <i>Dígocho eu</i>
10h30-12h00	MESA REDONDA «Galego para todo» Moderadora: Nuria Vil, poeta e comunicadora – Iago Gordillo, realizador audiovisual. Licenciado en Comunicación Audiovisual pola UDC, desde 2020 dirixe e presenta o espazo Recuncho Gamer – Jon Amil Mateos, graduado en Medicina pola USC e actual presidente da AGAL (Associação Galega da Língua) – Alberto Pombo, doutor en estudos lingüísticos e literarios e promotor da iniciativa cultural «Aquí tamén se fala»
12h00-12h30	Café conxunto
12h30-14h00	RELATORIO «O papel das redes sociais como canle de divulgación científica para a normalización do galego» – Fátima Barros, licenciada en Medicina pola USC e divulgadora de ciencia en galego nas redes sociais
14h00-15h30	Xantar conxunto
16h00-17h30	RELATORIO «Intelixencia artificial e futuro da lingua galega» – Rubén Cela, coordinador da Oficina Técnica do Proxecto Nós
17h30-19h00	MESA REDONDA «Actualidade e xornalismo nos contornos podcast e redes sociais» Moderador: Lois Blanco Araúxo, comunicador e director de teatro – Ana González Liste, xornalista en Praza.gal – Marta Otero Mayán, xornalista en <i>Luzes</i> e <i>La Opinión A Coruña</i> – Iván Iglesias, director de OU Ké!
19h00-20h30	OBRADOIRO CONCERTO Ataque Escampe

+Info: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña

881 011 042, 881 011 055, 881 013 683 snl@udc.gal